A CORUÑA NO MUNDO

BOLSAS USA

2020/2021

1.º DE BACHARELATO EN EE. UU.

O programa educativo BOLSAS USA ofrece a oportunidade de cursar o Grao 11 (equivalente a 1º de bacharelato) en EE.UU., así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura.

NÚMERO DE BOLSAS

O programa oferta 60 prazas

PRAZO DE SOLICITUDE

18 de novembro ao 10 de decembro

até as 14.00 h

A CORUÑA NO MUNDO
BOLSAS USA

TIPO DE BOLSAS

Bolsa total. Serán beneficiarias as persoas seleccionadas que non superen os 9000,00€ anuais de renda per cápita.

Bolsa parcial. Serán beneficiarias as persoas seleccionadas que superen os 9000,00€ anuais de renda per cápita. Nestos casos, o Concello asumirá un máximo do 95% e un mínimo do 5% do custo total das prazas. As familias das persoas beneficiarias destas bolsas terán que facer unha achega variable en función da súa renda.

REQUISITOS

• Constar **empadroado no Concello da Coruña e residir na cidade** xunto co seu pai e/ou súa nai ou representante legal, **dende o 1 de setembro de 2019**.

• Estar **matriculado e cursando 4º da ESO no curso escolar 2019-20.**

• Obter en **3º da ESO unha cualificación media de 6,5 puntos** ou máis e non ter ningunha materia suspensa.

• Obter en **3º da ESO unha cualificación de 7 puntos ou máis** na materia de lingua estranxeira **(inglés)**.

INSCRICIÓN

• As persoas interesadas en participar no programa deberán inscribirse en liña na web www.coruna.gal/educacion a través da ficha específica "BOLSAS USA 2020-21". Unha vez feita a inscrición o sistema elabora un xustificante no que se lle concede **un número de asignación que será o de referencia de cada expediente no proceso**.

• A documentación do expediente e o xustificante da inscrición en liña, deberá presentarse nos rexistros municipais ou por calquera outro medio permitido pola Lei de Procedemento Administrativo.

• O prazo de apertura da ficha on-line e de presentación da documentación nos rexistros é do 18 de novembro ao 10 de decembro de 2019 ás 14:00 h. A Comisión poderá acordar a ampliación do prazo para a presentación de solicitudes antes de que este finalice.

A presentación das solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria.

Este documento ten carácter meramente informativo. **As bases do programa poden consultarse na web www.coruna.gal/educacion**

IMPORTANTE: *a concesión definitiva da bolsa está condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos polas Autoridades Federais Norteamericanas para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de inglés...) da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente.*

MÁIS INFORMACIÓN

Servizo Municipal de Educación
Avenida da Marina 18, 3.º
15001 A Coruña
Tel. 981 18 42 00
educacion@coruna.es